

16/06/2023

NOTIFICACIONES DE ACTUACIONES *Cryphonectria parasitica* (Cancro do castiñeiro): Empacado con terra forestal.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasitica*.

As cepas hipovirulenta inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomosis hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realízanse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

En áreas onde non se atopa a hipovirulencia como un método factible, debido á limitada propagación natural das cepas hipovirulentas de *Cryphonectria parasitica*, ou pola incompatibilidade das cepas illadas, váise realizar un ensaio consistente na aplicación de parches de solo forestal aos cancros para introducir microorganismos que compiten con *Cryphonectria parasitica*. Os cancros que se desenvolven despois da aplicación adoitan estar inchados.

O ensaio está baseado na observación de que *C. parasitica* non pode matar o sistema radicular subterráneo, xa que o patóxeno non pode competir cos microorganismos do chan. Os brotes das cepas crecen vigorosamente, pero a enfermidade acaba con eles. (The American chestnut foundation)

O ensaio consiste na aplicación dun barro formado por chan forestal aplicado na zona do cancro. Taparase cun plástico para conseguir que este paquete non se desprace polo tronco e manterase no seu lugar cunha cinta adhesiva. Realizouse a experiencia nun soto do Concello de Samos, na provincia de Lugo.

Procedemento:

É unha adaptación do método Doromaki, aplicado polos agricultores Xaponés a finais do século XIX para combater os cancro. Precísase terra que non fora tratada con pesticidas ou compost, unha bolsa de plástico e corda.

Aplícase auga para formar un emplasto, e para manter a humidade, a lama colocada sobre as feridas da árbore cóbrese co plástico ben tensado coa corda ou cinta.

Despois de dous meses, elimínase o plástico e a casca da árbore aparecerá inchada e o patóxeno estará morto. Aínda que un cancro cura, o patóxeno pode desenvolver novos cancro na mesma árbore, polo que haberá que repetir a operación. (Weidlich, 1978).



Foto 1. Estado do cancro antes do tratamento.

Foto 2. Aplicación do emplasto de barro.

Foto 3. Empacado do cancro

Resultados:

No ensaio realizado no souto do Concello de Samos, na provincia de Lugo, cada 2 meses retirouse o plástico e a terra para coñecer a evolución do cancro. O cabo de 6 meses viuse que o cancro remitira e se estaba a formar nova cortiza. Durante os próximos meses continuarase revisando periodicamente para coñecer a súa evolución.



Foto 4. 1ª revisión (febreiro 2023)

Foto 5. 2ª revisión (abril 2023)

Foto 6. 3ª revisión (xuño 2023)